



FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO

RENUNCIA Á PRESIDENCIA DA COMISIÓN XESTORA

Dona María Graciela Toba Rodríguez, con DNI 47353681Q, na súa condición de Presidenta da Comisión Xestora da Federación Galega de Baile Deportivo,

EXPÓN

Que, de conformidade co disposto no Regulamento Electoral da Federación Galega de Baile Deportivo e no Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, as persoas que presenten candidatura aos órganos de goberno e representación da Federación non poden formar parte da Comisión Xestora durante o proceso electoral.

Que tendo decidido presentar a súa candidatura á membro da Asemblea Xeral da Federación Galega de Baile Deportivo no actual proceso electoral correspondente ao período 2026-2029, e co fin de garantir o pleno respecto aos principios de obxectividade, neutralidade, transparencia e igualdade entre as candidaturas, procede formalizar a súa renuncia ao cargo que actualmente desempeña. Por todo o anterior,

COMUNICA

1. A súa renuncia voluntaria e irrevogable ao cargo de Presidenta da Comisión Xestora da Federación Galega de Baile Deportivo, con efectos dende a presentación da súa candidatura á membro de Asemblea Xeral da Federación Galega de Baile Deportivo.
2. Que se adopten os acordos oportunos para a elección ou designación da persoa que deba asumir a Presidencia da Comisión Xestora durante o tempo restante do proceso electoral, de conformidade coa normativa aplicable.

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asina o presente escrito.

En Cee, a 23 de Xuño de 2026.

Asdo: